

A marabilla náufraga

Manuel Rivas


rDL | 7
Galicia Hoxe 02/04/09

O día do Dioivo Universal. Estouno a ver un día de inverno despois do dioivo. O río Pequeno rebelouse contra a toponimia e a imprevisión da enxeñaría que descoñece a memoria da auga. O río Pequeno rebordou canles e ribazos e volveu ás brañas e ás xunqueiras e aos espazos saudosistas das lagoas desecadas. O val de Soneira era aquel día un mar. Estouno a ver, a Antón Mouzo. A chea entrara tamén nun baixo que usaba como estudio. Loitaba contra o naufraxio da arte, non só como metáfora senón na cruel realidade. Salvaba os cadros do afundimento. E logo curounos un a un. Os anegados, os feridos, os fanados. Así fixo aquel día e os días que seguiron ao dioivo. O seu estudio era un hospital de campaña. Tiña unhas mans pequenas, lizgairas e sinceras, de enfermeira de prematuros. Mais, en realidade, sempre actuou así. El era moi solidario coa súa obra. Falaba dos seus cadros, das esculturas, dos proxectos... como compañeiros. El facíaos e facíase con eles. Nunca coñecín un artista que estivese tan preocupado pola súa obra. Pola súa crianza. Pola súa saúde. Pola súa felicidade. El quería que os seus cadros fosen felices. Por iso, o primeiro que restaurou despois do naufraxio foron as cordas dos violíns na súa serie inconclusa de naturezas vivas, onde había tamén bidueiros, cabalos, garzas, postes telefónicos, máquinas de coser e aquel par de botas que levaba o pai cando ía ao monte dos lobos reparar o repetidor da televisión.

O artista valente. Un artista pode ser, mesmo é convencional que o sexa, bohemio, iconoclasta, noctámbulo, egocéntrico, despistado, arroutado, maniático, ciclotímico, namoradeiro, espectral, ocorrente, luminoso, escuro, irado, nubeiro, sutil, bárbaro... Nada

diso abanea o mundo. Mais, quen pode entender un mozo que é quen de deixar un traballo fixo nunha oficina bancaria? Caravaggio reclamaba para o pintor a condición de valente. Antón ergueuse da cadeira do despacho e botou a andar polas inmensas gándaras ao xeito dos feros corvos do Xallas e do vagabundo de Charlot. Velaí un valenthuomo! Outra saudade. En todo o que facía había un pouso de saudade. Dende logo na vaixela do chineiro da nai. Mais é unha saudade desposuída de tristura, chea de desexo. Levedar a realidade. Amaba as cores, mais sobre todo as cousas que portaba a cor. Era un maxín namorado da materia e dos soños por ela xerados. Era un artista de todas as vangardas: coleóptero, volcánico, cefalópodo, anátido, plutónico, equinodermo, astrográfico, subacuático, obsidiánico, anfibio, térmico, xinkgófito... A súa ollada era fértil, criadora. Lembro que das andadas con el volvías coa cabeza chea de descubertas. Cores, formas, paisaxes que antes non existían. Porque Antón Mouzo pintaba tamén fóra do cadro, facía levedar a realidade que permanecera ensumida.

Enxamear a marabilla. El mesmo deixou un universo que, en gran parte, aínda está por descubrir. O tempo foi inxusto con el. Tivo que soportar a indiferenza cando non a mesquindade dos poderes túzaros que abren e pechan portas. Mais o importante é este agasallo que nos deixou: a marabilla que enxameou fronte ao abismo, na man sincera e na ollada fértil do mozo de Soneira.



‘Árbores pixeladas’ (2005)